

OBITUARIO

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932-Nigrán, 2025)

O escritor que extraía a poesía do mar

Integrante de Brais Pinto, era unha voz fundamental da literatura galega

JAVIER BECERRA

REDACCIÓN / LA VOZ

Aos 17 anos, Bernardino Graña quixo marchar de Galicia como polisión nun barco. Acaban os corenta do século pasado e milleiros de galegos buscaban outra vida en Latinoamérica. Nunha nave que ía a Venezuela meteuse nun bote salvavidas, pero pillárono. «Non sei por que o barco estaba vixiado pola policía, e non me deron permiso. Eu deixara aviso a un amigo para que lle dixese á miña familia que non estaba desaparecido», explicaba nunha entrevista do 2010 neste xornal. Aquel fracaso na aventura podía simbolizar, en clave de tolada xuvenil, a atracción polo mar que o escritor cangués manifestou case sempre na súa obra, e que, como lembraba Ramón Nicolás nunha revisión cando Graña facía 90 anos, estaba «disposto non como pano de fondo, senón como vivencia sincera».

Ese mar mollou todas e cada unha das páxinas de *Profecía do mar* (1966), libro imprescindible da poesía galega e «un diálogo apaixonado cun mar investido de gran forza telúrica na lingua patrimonial dos mariñeiros de Cangas», tal como subliñaba onte a Real Academia Galega (RAG) nun comunicado. «Como horribles fantasmas aparecen / dende o fondo, xurdindo, nos sorrisos / e trañas ardentías e navíos / e tristes afogados que amolecen», escribe nel, dándolle unha mirada poética e apaixonadamente épica ao seu labor. Pero tamén ao seu universo vital. Como dicía Xosé Manuel Millán Otero, Graña metíase «como un gato na tasca mariñeira» e recollía «as súas palabras, faise eco dos seus traballos e dos seus terrores e traza a estampa poética dunha beiramar que, probablemente, resulta xa difícil recoñecer». E, efectivamente,



Bernardino Graña nunha imaxe do 2005 diante da antiga fábrica de Massó, en Cangas. XOÁN CARLOS GIL

te, naquel libro pódese encontrar un dos mellores retratos literarios da vida mariñeira de mediados do século pasado en Galicia.

Profecía do mar exerce de pináculo na obra poética dun Graña que foi dos membros fundadores de Brais Pinto, un colectivo de intelectuais antifranquistas no que se encontraban tamén Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Fernández Ferreiro, Ramón Lorenzo e Raimundo Patiño, entre outros. Antes daquel título publicara *Poema do home que quixo vivir* (1958), de corte existencialista. Despois virían *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975), *Se o noso amor e os peixes* (1980), *Sima-Cima do voar do tolo* (1984), *Himno verde* (1992), *Ardentía. Obra poética completa* (1995) e *Luz de novembro* (1997). Varios poemas da súa obra tiveron un traslado musical nas mans de artistas como Suso Vaamonde, Astorot e Mini e Mero.

Un ámbito no que tamén destacou Graña foi o da literatura in-

fantil e xuvenil. «Son un neno; eu teño un punto de vista da miña infancia, que perdura en min, son inxenuo», dicía na mencionada entrevista do 2010. Tamén ironizaba sobre a falta de recoñecemento nos galardóns literarios dese campo: «Ás veces, penso que a literatura infantil que fago é impubliable porque eu son un neno que escribe, e no xuradio non son nenos; deben atopar a miña literatura tan inxenua que din: “Fóra con iso”». Aínda así, logrou o Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho con *O león e o paxaro rebelde* (1969) e o premio Merlín con *O gaiteiro e o rato Pérez* (1994). Outros títulos nese terreo son *Planeta de ratos tolos* (1990), *Xan Guindán, capitán* (1991), *Rata linda de Compostela* (1994), *Xan Guindán e os salvaxes* (1996), *Xan Guindán mensaxeiro* (1997) e *O quírico lambón* (1997).

Na narrativa para adultos, a súa obra máis importante é *Protoevanxio do neto de Herodes* (2006), coa

que acadou o Premio Eixo Atlántico. Trátase dunha revisión de varios personaxes bíblicos. Así, transforma a liñaxe canónica de Xesús ao situalo como fillo de María e Antípatro e, por tanto, neto de Herodes. «Creo que na Biblia hai moitas cousas ocultas e outras que están mal interpretadas, así que eu sigo para esta novela os evanxeos apócrifos e algunhas outras tradicións ocultas e non escritas do cristianismo», explicaba nunha entrevista do 2002 en La Voz.

No repaso á súa traxectoria tamén hai que resaltar a obra dramática —en especial, *Vinte mil pesos crime* (1962)—, as colaboracións periodísticas e o labor á fronte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), da que foi o seu primeiro presidente. Retirado desde hai tempo da vida pública, vivía nunha residencia en Panxón. En marzo do 2022 foi homenaxeado pola RAG e os seus amigos en Nigrán.

No adeus a Bernardino

Cada vez que vía a Bernardino pensaba que era moi afortunado por telo diante. Nel gustábame imaxinar esa liña ininterrompida de poetas do mar que parte de Paio Gomes Charinho, que pasa por Martín Codax, Meendinho ou Johán de Cangas, entre moitos outros. Un ronsel que logo seguirían Gonzalo López Abente, Fermín Bouza Brey, Blanco-Amor, Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro, este último con aquel libro tan vibrante como foi *Mar ao norte*. Foron estes, e moitos máis, os alicerces que construíron unha poética do mar propia, do noso mar, como cantaba Bibiano. Un mar que Bernardino non cansaba de mirar nos seus

últimos anos en Nigrán e que revelaba —Alexandre Ripoll sábeo ben— esa capacidade de poder avistar algo que só un poeta ve. Un mar inspirador que outeou coma se fose un «mascato ergueito», en feliz expresión que rescatou a Real Academia Galega para unha homenaxe tributada en Nigrán hai algo máis de dous anos e que tamén se empregou para titular unha publicación coordinada por Marilar Aleixandre.

Un débelle moito a Bernardino. Alén de conectar, quen non o faría?, coa estética ecoloxista e comprometida que percorre a súa poesía, ou coa súa importante obra narrativa, foi el quen no 1989, nun congreso celebrado en Compostela dedicado a Celso Emilio Ferreiro, revelou a existencia dunhas pro-

sas do celanovés enterradas no tempo, e a el dediquei o meu primeiro traballo por aquela pista que ofrecera. Hai persoas que poden falar e escribir máis e mellor sobre el e a súa obra, mais estou certo de que todos coincidimos na percepción de que ningún houbo máis afastado ca este membro fundador do grupo Brais Pinto da formalidade que por veces se lle atribúe ao perfil dun escritor ou profesor: antes ben, foi sempre a súa unha actitude vitalmente expansiva e xenerosa; tamén firmemente soñadora cun futuro de noso, algo no que sempre creu. Deixa un regueiro de luz Bernardino Graña na nosa cultura: lembralo e ler a súa obra será agora a maneira de que ese fulgor non esmoreza nunca.

PARA LEER**«Victoire. La madre de mi madre»****Maryse Condé**

Trad. de Martha Asunción Alonso

Editorial Impedimenta

264 páxinas. 23,95 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Ganadora do premio Nobel alternativo —aquel que se concedió oficiosamente en el 2018, el año en que la Academia Sueca lo dejó desierto por un escándalo de nepotismo y abusos sexuales en el seno de la venerable institución— y figura mayor de la literatura caribeña, Maryse Condé (Pointe-à-Pitre, Guadalupe, 1937) es hoy una voz maravillosamente reconocible para el lector español gracias a la cuidada labor editorial del sello Impedimenta. Fallecida en abril del 2024 en la Provenza francesa —se había establecido en los alrededores de la pintoresca localidad de Gordes con su esposo, y traductor de su obra al inglés, Richard Philcox—, Condé siempre mantuvo firme su compromiso político para con su pueblo: toda su obra alienta una reflexión crítica sobre los estragos del colonialismo y la memoria, no solo de la cuestión antillana, sino también del legado africano (hasta dejó su vida en París para viajar tras las raíces y establecerse como profesora en Guinea, Ghana y Senegal). Presidenta del comité galo por la memoria de la esclavitud, alcanzó un notable prestigio en EE.UU., donde impartió clases en varias universidades, especialmente en Nueva York, donde residió. En sus narraciones ha indagado abundantemente el pasado familiar —caso de *Corazón que ríe, corazón que llora* (1999) y *La vida sin maquillaje* (2012)—, un esfuerzo autobiográfico del que es ejemplo principal la novela *Victoire. La madre de mi madre*, que llega mañana a las librerías y en la que se ocupa de su abuela materna, Victoire Élodie Quidal, una mujer que apenas podía nombrar en francés los platos que cocinaba, y que, pese a sus muy humildes orígenes, se convirtió en una celebridad de los fogones en Guadalupe. El relato de Condé vuela ameno y aparentemente ligero, aunque no escatima descripciones de conductas racistas y de abusos, y brillan en su hermosa prosa ciertos dejes periodísticos. Una lectura gozosa.

Ramón Nicolás